REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Día: 07.12.2022 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 7 de decembro de 2022, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

1.1 37817 (11/POC-006913)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Díaz Mouteira, María Sol e 6 máis
Sobre o balance que fai o Goberno galego respecto dos puntos limpos fixos e móbiles chegando a cubrir practicamente o 100 % do territorio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 364, do 22.08.2022

1.2 38374 (11/POC-007254)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da baixa da execución orzamentaria nos programas de acceso á vivenda
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 366, do 24.08.2022

1.3 44094 (11/POC-007979)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis
Sobre a situación e previsións da Xunta de Galicia respecto do proxecto Variante de Carballo. I Fase, de clave AC/20/087.01.AT/027/2020
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 416, do 02.12.2022

1.4 44402 (11/POC-008013)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia en relación coa tramitación da proposta de modificación do plan industrial da empresa Kaekias Eólica, SA

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 41672 (11/PNC-003647)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha dun transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 27.09.2022

PARLAMENTO
DE GALICIA

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2022

Carmen María Pomar Tojo

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Carmen María Pomar Tojo	P

Vicepresidente

Ramón Carballo Páez	P

Secretario

Paulo Ríos Santomé	BNG

Vogais

José Manuel Balseiro Orol	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
María Sol Díaz Mouteira	P
Alexandra Fernández Gómez	BNG
María Begoña Freire Vázquez	P
Rubén Lorenzo Gómez	P
Eduardo Ojea Arias	S
Patricia Otero Rodríguez	S
María Belén Salido Maroño	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 07.12.2022 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 07.12.2022 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 37817(11/POC-006913)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e 6 máis

Sobre o balance que fai o Goberno galego respecto dos puntos limpos fixos e móbiles chegando a cubrir practicamente o 100 % do territorio

Publicación da iniciativa, 364, 22.08.2022

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2022 10:26:43
Nº Rexistro: 37817
Data envio: 22/07/2022 10:26:43.612

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

Marisol Díaz Mouteira, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, Begoña Freire Vázquez e **Belén Salido Maroño,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda destinou dende 2019 máis de 5 millóns de euros en órdenes que permitiron a execución de 122 proxectos no ámbito da xestión dos residuos municipais.

Na actualidade, máis de 2,2 millóns de galegos contan cun punto limpo fixo – dos preto de 150 existentes – a menos de 10 minutos dos seu domicilio.

Falamos de subvencións que permiten aos concellos non só construir novos puntos limpos fixos ou a mellora dos xa existentes senón que tamén permitan ás entidades locais, adquirir puntos limpos móviles que apoian e completan a rede fixa para que todas as galegas e galegos dispoñan dun servizo itinerante de recollida de residuos no seu territorio.

Dende o Grupo Parlamentario Popular somos coñecedores do éxito destes incentivos entre as entidades locais así como que, dende a Consellería de Medio Ambiente se seguirá apoiando aos concellos non só no que a puntos limpos (fixos e móbiles) se

CSV: REXISTRO-E48KGpl4G-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2022 10:26:43
Nº Rexistro: 37817
Data envio: 22/07/2022 10:26:43.612

grupo parlamentario popular de galicia

refire senón, na compra de camións, remolques e da equipación precisa para a implantación deste servizo municipal.

Tendo en conta o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cál é o balance que dende o Goberno galego se fai de puntos limpos fixos e móbiles chegando a cubrir practicamente o 100% do territorio?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2022

CSV: REXISTRO-E48kGpl4G-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2022 10:26:43
Nº Rexistro: 37817
Data envio: 22/07/2022 10:26:43.612

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteira na data 22/07/2022 09:58:26

Carmen María Pomar Tojo na data 22/07/2022 09:58:44

Ramón Carballo Páez na data 22/07/2022 09:59:01

José Manuel Balseiro Orol na data 22/07/2022 09:59:17

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/07/2022 09:59:34

Freire Vázquez, María Begoña na data 22/07/2022 09:59:52

María Belén Salido Maroño na data 22/07/2022 10:00:03

CSV: REXISTRO-E48kGpl4G-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 07.12.2022 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 38374(11/POC-007254)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da baixa da execución orzamentaria nos programas de acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, 366, 24.08.2022

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2022 10:50:10
Nº Rexistro: 38374
Data envio: 28/07/2022 10:50:10.888

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O Informe do Estado da Pobreza en Galicia 2021, da Rede Galega contra a Pobreza, EAPN Galicia, reflicte unha vez máis como as dificultades de acceso a vivenda están a agravar as carencias materiais severas das galegas e galegos. Segundo este Informe, a porcentaxe de persoas con carencias materiais severas na nosa comunidade afecta xa a máis de 253.000 persoas. Son cifras que constatan un empeoramento preocupante das dificultades de acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible, en especial para a poboación máis vulnerable onde ademais os gastos ligados ao pago do alugueiro, luz ,gas, auga, supoñen un auténtico aspirador de rendas.

A porcentaxe de persoas que manteñen atrasos nos pagos dos gastos da vivenda pasou dun 5,6 % a un 8,5 % , e dos que poden manter unha vivenda en condicións de temperatura axeitada dun 6 % a 9,6 %. Neste informe non se cuantifican as consecuencias que estamos a padecer por mor da guerra en Ucraína derivada da invasión rusa. Unha invasión que ademais de convulsionar a paz mundial cun sanguinario e inaceptable custe de vidas humanas e vítimas nos distintos ámbitos, está a ter un grande impacto directo tamén nas economías domésticas nunha suba de prezos que está a afectar con maior virulencia nos fogares máis vulnerables.

Neste contexto, os alugueiros que nas cidades galegas xa se tiñan incrementado antes arredor dun 25 % respecto do ano 2016, continúan subindo.

Resulta evidente que neste momento de inestabilidade, medo e inseguridade, a cidadanía galega, especialmente a máis desfavorecida e con máis dificultade necesita certezas e medidas máis alá de anuncios.

A pesar de todo, atopámonos cuns orzamentos en materia de vivenda á baixa nestes anos de presidencia do señor Alberto Núñez Feijóo ao fronte da Xunta de Galicia. Sen ir máis lonxe, os orzamentos destinados a vivenda este 2022 supoñen un recorte de máis do 40 % respecto dos orzamentos do ano 2009.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTRO-DHz6HNYLp-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2022 10:50:10
Nº Rexistro: 38374
Data envio: 28/07/2022 10:50:10.888

A esta falta de previsión orzamentaria hai que sumarlle a inaceptable falla reiterada de execución coa que se pecha cada exercicio en materia de vivenda, especialmente no programa de acceso a vivenda, programa 451B.

Neste contexto de crise e pese ás denuncias arredor deste desleixo en diversos debates e iniciativas parlamentarias, o pasado ano segundo os datos a decembro de 2021 tan só deron uso ao 32,9 % do orzamento dispoñible para este programa.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a valoración que fai o Goberno galego desta constante baixa execución orzamentaria nos programas de acceso a vivenda que se repite ano tras ano?

2. Pensa tomar algún tipo de medida para garantir a máxima execución do orzamento en materia de vivenda este 2022?

3. Considera aceptable esta baixa execución orzamentaria nos programas de acceso a vivenda nun momento de crise no que os gastos de alugueiro e o pago de subministros son o principal lastre para a economía das galegas e galegos?

Pazo do Parlamento, 28 de xullo do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 28/07/2022 10:10:44

CSV: REXISTRO-DHz6HNYLp-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2022 10:50:10
Nº Rexistro: 38374
Data envio: 28/07/2022 10:50:10.888

Patricia Otero Rodríguez na data 28/07/2022 10:10:52

CSV: REXISTRO-DHz6HNY1Lp-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 07.12.2022 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 44094(11/POC-007979)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a situación e previsións da Xunta de Galicia respecto do proxecto Variante de Carballo. I Fase, de clave AC/20/087.01.AT/027/2020

Publicación da iniciativa, 416, 02.12.2022

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2022 17:29:03
Nº Rexistro: 44094
Data envio: 21/11/2022 17:29:03.663

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Martín Seco García e Eduardo Ojea Arias, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

No ano 2007 a Xunta de Galicia encarga o estudio informativo e de impacto ambiental da variante sur de Carballo. Este documento foi sometido a información pública en setembro de 2007 e aprobado por resolución da Dirección Xeral de Obras Públicas o13 de abril de 2009, DOG de 23 de abril.

Naturalmente, este documento xustifica o interese público do investimento que se propón. Entre outros datos, referidos ao ano 2006, cando se fan os estudios previos:

-Os medidores de aforo de tráfico na AC-552 dan máis de 15.000 coches diarios, dos que máis de 1.000 son pesados. A tendencia vai en aumento.

-As enquisas de tráfico realizadas indican as seguintes captacións de tráfico entre os distintos enlaces da futura variante:

. Enlace de Bértoa coa AC-552-Enlace Estrada de Ordes: 7.000 veh/día
. Enlace Estrada de Ordes-Enlace Estrada Santiago: 5.500 veh/día
. Enlace Estrada Santiago: 5.500 veh/día

-Ten escaso impacto ambiental

- O orzamento de contrata resulta de 11.114.420,37 € (IVE do 16 %)

No ano 2009 inícianse os sucesivos gobernos do PP. No ano 2009 o expediente segue o seu curso e a nova Administración encarga e aproba o proxecto de execución da obra.

O último ano que aparece o proxecto nos orzamentos é o 2011:

2011 : 153.000 €
2012: 3.100.000 €
2013: 7.000.000 €
2014 e seguintes: 4.700.000 €

Posteriormente o proxecto desaparece dos orzamentos da Xunta de Galicia ata os do ano 2020.

CSV: REXISTRO-TMssrOist-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2022 17:29:03
Nº Rexistro: 44094
Data envio: 21/11/2022 17:29:03.663

Os estudios de tráfico citados antes veñen a demostrar que Carballo está afogado polo tráfico rodado. Está resolto o tráfico que circula polo eixo Coruña-Arteixo-Carballo-Fisterra, con variantes cara ás poboacións da Costa da Morte; pero non a circulación norte-sur. O tráfico lixeiro e pesado que proceda do Eixo Coruña-Arteixo-A Laracha-Polígono de Bértoa (Carballo) e dos concellos de Coristanco, Malpica, Ponteceso e Cabana ten necesariamente que cruzar o casco urbano de Carballo coa correspondente sobrecarga e perigo. Case a diario hai transportes pesados que quedan atrapados por non existir unha ruta clara que poida ser sinalizada.

Con motivo das últimas campañas municipais e autonómicas o proxecto volveu á actualidade, sobre todo pola presión do empresariado do parque industrial de Carballo, que ve imprescindible esta infraestrutura. En diversas reunións e actos públicos o presidente e a conselleira comprometéronse co proxecto.

Cando se saca do caixón o proxecto aprobado en 2010 compróbase que está caducado. A Axencia Galega de Infraestruturas saca a licitación a actualización da primeira fase do proxecto, incluído o estudo informativo e de impacto ambiental.

A redacción foi adxudicada a Noega Ingeneiros, SL 4/12/2020, por 13.1627,43 € e un prazo de execución de 20 meses, prazo que parecía excesivo para uns traballos de actualización dun proxecto.

A día de hoxe o prazo dado para a presentación do proxecto obxecto do contrato está esgotado dende hai máis de dous meses, sen que se teña constancia da súa situación.

Por iso, a deputada e os deputados que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) En que situación se atopa o proxecto variante de Carballo. I Fase, de clave AC/20/087.01.AT/027/2020?

2ª) Cales son as previsións da Xunta de Galicia en relación a este proxecto?

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2022

CSV: REXISTRO-TMssrOjst-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2022 17:29:03
Nº Rexistro: 44094
Data envio: 21/11/2022 17:29:03.663

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 21/11/2022 16:13:06

Martín Seco García na data 21/11/2022 16:13:23

Eduardo Ojea Arias na data 21/11/2022 16:13:40

CSV: REXISTRO-TMssrOjst-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 07.12.2022 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 44402(11/POC-008013)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia en relación coa tramitación da proposta de modificación do plan industrial da empresa Kaekias Eólica, SA

Publicación iniciativa vía urxencia, 416, 02.12.2022

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2022 13:25:20
Nº Rexistro: 44402
Data envio: 28/11/2022 13:25:20.654

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé, Daniel Pérez López, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social creada e a necesidade dun pronunciamento ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Kaekias Eólica SA resultou adxudicatoria de 75 MW no concurso eólico de 2010, para desenvolver os parques Campelo e Lamas de Feás. Dado que non se lle concederon os 108 MW solicitados, a empresa renunciou a executar o Plan Industrial, consistente en actuacións de secado térmico de lamas e fabricación de pellets, e optou por monetarizalo, resultando unha cantidade de 11.721.971 euros, que a empresa debería ingresar no fondo de capital risco SOGIGA do IGAPE no prazo dun mes desde a posta en funcionamento dos parques.

Debe terse en conta que a normativa reguladora do concurso de 2010 (Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos) e a regulamentación contida no artigo 7º (Características dos plans industriais presentados) prevía a opción da monetarización do plan industrial no caso de que a potencia concedida fose menor da solicitada. Nin nesta norma nin en

CSV: REXISTRO-KpODdcQwj-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2022 13:25:20
Nº Rexistro: 44402
Data envio: 28/11/2022 13:25:20.654

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ningunha outra posterior se preveu a opción de volver substituír a monetarización por un novo plan industrial.

Malia esta claridade da normativa, con data 13 de xuño de 2019 GREENALIA WIND POWER SLU presentou a documentación dun suposto plan industrial que segundo a empresa supoñía a subrogación do plan industrial de Kaekias Eólica que xa deixara de ter vixencia e validez. Nunha clara vulneración da lexislación, a empresa solicitaba cambiar a monetarización pola execución dun "novo" plan industrial, con novas actuacións non incluídas na proposta do concurso de 2010.

Neste "novo" plan industrial, GREENALIA WIND POWER SLU xustificou a realización de investimentos por valor de 12.601.749.50 euros e 33 empregos. Os proxectos desenvolvéronse a través das sociedades GREENALIA LOGISTICS e SMARTTIA RE Hotel San Andrés 56 e segundo a empresa consistiron nas seguintes actuacións:

-Recollida de Biomasa Forestal Residual (Greenalia Logistics)

-Buque para exportación sector forestal (Greenalia Logistics)

-Hotel San Andrés (Smarttia RE Hotel San Andrés 56)

Segundo a empresa, os investimentos deste suposto plan industrial realizáronse entre os anos 2015 e 2019, é dicir, en parte antes mesmo da adquisición da empresa Kaekias e polo tanto dos dereitos sobre os citados parques Campelo e Lamas de Feás. A este respecto cómpre ter en conta que as resolucións da Dirección Xeral de Enerxía e Minas polas que se autoriza a transmisión da titularidade do parque Campelo a favor de Greenalia Wind Power Campelo e Lamas de Feás a Greenalia Wind Power Lamas son do 3 de outubro de 2018.

CSV: REXISTRO-KpODdcQwj-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2022 13:25:20
Nº Rexistro: 44402
Data envio: 28/11/2022 13:25:20.654

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mediante resolución do 21 de xullo de 2021 a Directora Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais acepta a proposta de modificación do plan industrial presentada en novembro de 2019 por Greenalia. Estamos diante dun feito extraordinariamente grave, porque supón

a) contravir o previsto na orde reguladora do concurso de 2010;

b) aprobar e darlle validez legal a un suposto plan industrial que foi parcialmente executado antes da adquisición de Kaekias Eólica por parte de Greenalia;

c) aprobar, con carácter retroactivo, un plan que foi executado entre os anos 2015 e 2019, é dicir, antes da solicitude de modificación do plan industrial (novembro de 2019);

d) renunciar ao ingreso de 11.721.771 euros nas arcas públicas, co conseguinte prexuízo para as arcas públicas

5. Cómpre ter en conta, a maior abondamento, que diversas sociedades do grupo Greenalia obtiveron subvencións públicas para financiar proxectos incluídos no suposto plan industrial.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

Que medidas vai adoptar a Xunta en relación coa tramitación irregular e manifestamente ilegal no ano 2021 da proposta de modificación do plan industrial á empresa Kaekias Eólica SA?

Por que razón a Xunta fixo prevalecer os intereses dunha empresa privada fronte aos intereses da facenda pública galega?

CSV: REXISTRO-KpODdcQwj-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2022 13:25:20
Nº Rexistro: 44402
Data envio: 28/11/2022 13:25:20.654

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto o goberno galego anular a resolución de 2021 e manter a vixencia da proposta presentada inicialmente pola empresa Kaekias Eólica para a monetarización do plan industrial na cantidade de 11.721.971 euros, que deberá ingresar no fondo de capital risco do IGAPE no prazo de un mes desde a posta en funcionamento dos parques?

Ten previsto a Xunta abrir unha investigación interna sobre estes feitos e dirimir as responsabilidades políticas e administrativas que se deriven das graves irregularidades cometidas?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Daniel Pérez López
Noa Presas Bergantiños
Paulo Ríos Santomé
Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/11/2022 13:17:52

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/11/2022 13:17:58

CSV: REXISTRO-KpODdcQwj-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2022 13:25:20
Nº Rexistro: 44402
Data envio: 28/11/2022 13:25:20.654

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 28/11/2022 13:18:06

Noa Presas Bergantiños na data 28/11/2022 13:18:20

Paulo Ríos Santomé na data 28/11/2022 13:18:31

Alexandra Fernández Gómez na data 28/11/2022 13:18:37

CSV: REXISTRO-KpODdcQwj-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 07.12.2022 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 07.12.2022 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 41672(11/PNC-003647)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha dun transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña

Publicación da iniciativa, 386, 27.09.2022

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2022 16:43:42
Nº Rexistro: 41672
Data envio: 22/09/2022 16:43:42.440

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres** e **Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, instando o Goberno galego a tomar medidas para a posta en marcha dun servizo de transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña Liña XG871.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após a entrada en vigor do novo Plan de Transporte da Xunta de Galiza, as comarcas de Ferrolterra e As Mariñas na súa conexión coa cidade da Coruña e o seu percorrido entre os concellos das comarcas, víronse agravadas por una precarización e devaluación na calidade do servizo, tal e como veñen denunciando os usuarios e usuarias do transporte por estrada.

Moitas foron as queixas emitidas e recibidas polo mal funcionamento deste servizo, mentres a Xunta de Galiza e a empresa concesionaria foron aplicando parches a modo de solución parcial, que non foron ben recibidas nin avaliadas polos usuarios e usuarias.

Decisións como a tomada a comezos do ano 2022, de reforzar o servizo realizado pola AP-9 non foi suficiente, e precarizou aínda máis os servizos que se fan por estrada.

CSV: REXISTRO-cjrYSGRm2-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2022 16:43:42
Nº Rexistro: 41672
Data envio: 22/09/2022 16:43:42.440

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Actualmente, esta situación viuse agravada após o comezo de curso e a aplicación das distintas bonificacións ao servizo, cun servizo xa deficiente que fixo aínda máis visíbeis os problemas nesta liña.

Os usuarios e usuarias levan tempo denunciando os atrasos, os autobuses que non pasan polos itinerarios marcados, os servizos que se deixan de facer intermitentemente e sen aviso, o mal estado de moitos dos vehículos e os reiterados incumprimentos de contrato pola empresa concesionaria desta liña.

Moitas tamén foron as queixas e denuncias en material laboral e de incumprimentos contractuais, tales como os que teñen que ver coas modalidades contractuais e as condicións nas que operan as traballadoras e traballadores, o incumprimento manifesto dos tempos de resposta estipulados na oferta da empresa, a non existencia das bases e servizos que estas deben ofertar, e unha longa lista de deficiencias e incumprimentos que se foron denunciando nos últimos tempos.

Se o obxectivo é o fomento do transporte público, o que está a acontecer nesta liña vai no sentido contrario, xa que un servizo que presenta estas eivas e deficiencias non pode ser percibido como útil polo conxunto da cidadanía.

É obriga das institucións públicas fomentar o uso do transporte público en todos os eidos, e quen faga uso do servizo para ir ao traballo, ir a aulas ou a atender calquera tipo de xestión ou cita médica, debe ter a certeza de que pode usar o transporte público, que vai estar á súa hora, que vai ter prazas suficientes e que viaxa cunhas medidas de seguridade axeitadas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

CSV: REXISTRO-cjrYSGRm2-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2022 16:43:42
Nº Rexistro: 41672
Data envio: 22/09/2022 16:43:42.440

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a atender as demandas das persoas afectadas polas deficiencias e incumprimentos que amosa a liña XG871, dotando ao servizo dunha maior calidade e velar polo cumprimento rigoroso das condicións da concesión."

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Ramón Fernández Alfonzo
Mercedes Queixas Zas
Deputados e deputada do G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 22/09/2022 16:29:18

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/09/2022 16:29:31

Mercedes Queixas Zas na data 22/09/2022 16:29:41

Xosé Luis Bará Torres na data 22/09/2022 16:29:51

CSV: REXISTRO-cjrYSGRm2-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/